

# A propósito da integración da UE: máis alá do presente e do futuro

*Mark J. Miller*

**O**s Estados Unidos teñen hoxe máis de trescentos millóns de habitantes. E a sociedade estadounidense continúa a evoluir, coa influencia constante de inmigrantes procedentes de todo o mundo. Dende as enmendas de 1965 á Lei de Inmigración e Nacionalidade de 1952, que aínda constitúe a base da lexislación e a política estadounidenses en materia de inmigración, Europa deixou de ser o primeiro lugar de procedencia da inmigración nos Estados Unidos. Algúns analistas norteamericanos como Stephen Walt e Robert Kagan argumentan que esta mudanza na composición da inmigración ha de alterar as relacións históricas que Europa mantivo até hoxe cos Estados Unidos. Pode ser, incluso, que a mudanza xa se teña producido.

O presidente George W. Bush comezou o seu mandato en 2001 pregoando o que había ser unha novidade histórica: a súa Administración ía “revolucionar” a política exterior dos EUA e mellorar as relacións con América Latina, especialmente con México, a súa principal prioridade. Bush había facer a súa primeira viaxe ao estranxeiro non a Canadá, ao Reino Unido ou a Europa, senón ao rancho de Vicente Fox, o entón presidente mexicano.

Mais a pesar das grandes expectativas, a principios de 2007 aínda non temos evidencia de grandes mudanzas no referente ás relacións dos EUA con Latinoamérica. De feito, a intelectualidade latinoamericana queixábase do abandono dos EUA mentres o presidente Fox remataba o seu mandato, que se caracterizou polos poucos esforzos feitos para mellorar o a vida dos mexicanos e mexicanas que residen nos Estados Unidos, especialmente o dos seis millóns que o fan de forma ilegal.

O mandato de George W. Bush deu comezo, precisamente, entre nerviosas especulacións sobre un posíbel equivalente europeo ao NAFTA, o Tratado Norteamericano de Libre Comercio, que entrara en vigor en 1993. O NAFTA foi o primeiro tratado de libre comercio asinado entre México, Canadá e os EUA, e elaborouse sobre a base dun acordo previo entre Canadá e os EUA asinado en 1988 durante o goberno de Ronald Reagan. O seu nacemento daba mostras da preocupación existente en Canadá e os EUA porque a Acta Única Europea de 1986 puidese afectar negativamente o comercio dos EUA e Canadá coa Unión Europea. Hoxe pouca xente lembra que a expresión “Europa fortaleza” foi acuñada para traducir a inquietude que xeraba a posíbel imposición de trabas ao comercio transatlántico por causa do aumento da integración rexional en Europa. Finalmente, os temores probaron ser infundados, mais, por súa vez, serviron para estimular a integración rexional de Norteamérica.

No tocante ao debate arredor dun referente europeo para o NAFTA, tan discutido a principios de 2001, parece que reflectiu non tanto o entendemento como a falta del en torno á cuestión da integración rexional en Europa. De aí que unha análise da que foi a “lúa de mel” na política de inmigración dos EUA e México sirva para deitar algunha luz sobre a opinión da poboación estadounidense acerca da integración rexional europea.

### **A lúa de mel e o referente europeo**

---

No ambiente pesimista que se respira a comezos de 2007, coa maioría da poboación norteamericana volta contra George W. Bush e contraria á guerra en Iraq, faise difícil lembrar a vertixinosa sensación que se vivía nas primeiras semanas do seu mandato, cando as opinións do novo presidente sobre as relacións dos Estados Unidos co resto do mundo aínda non se coñecían ben. Sabíase que era favorábel á cooperación con México e que, ao ter sido gobernador de Texas, apoiaba a entrada regulada de man de obra temporal mexicana no país.

A chegada ao poder en México dun presidente conservador no 2000 marcou un punto decisivo na historia da democracia no país. Nese mesmo ano, a AFL-CIO, a principal central sindical dos EUA, anunciou que non apoiaría máis a imposición de sancións a empresas que empregasen ilegalmente man de obra estranxeira sen permiso de traballo, o que fora promulgado pola Lei de Reforma e Control da Inmigración de 1986. Isto constituíu unha mudanza radical na política de inmigración dos EUA, pois a AFL-CIO fora até entón o principal apoio a tales sancións. O movemento sindical, tan poderoso no seu día, sufría dende había tempo un descenso no seu número de afiliados. Sen embargo, algúns sindicatos recrutaran novos membros entre a man de obra inmigrante e apoiaban a nova dirección da AFL-CIO ao tempo que eran partidarios dunha nova achega á política e lexislación sobre a inmigración. Os astros parecían, polo tanto, ser favorábeis a unha mudanza nas relacións entre os EUA e México no que á emigración respecta.

Aínda resta por determinar até que punto as especulacións dos xornais estadounidenses e mexicanos sobre a procura dun referente europeo para o NAFTA reflectían as posturas oficiais dos gobernos destes dous países: aínda queda por determinar mesmo que se entendía exactamente por “referente europeo”. Na cimeira de xefes de estado do NAFTA en Ottawa de primavera de 2001, Fox falou da súa visión dun movemento de man de obra sen restricións entre os estados do NAFTA. Alí, o referente europeo para o NAFTA parecía ser o Artigo 48 do Tratado de Roma, que dende a súa entrada en vigor en 1968 garantía o dereito de mobilidade á man de obra dentro da Comunidade Europea.

En 2001 plantexouse se o Artigo 48 era unha referencia realmente válida para a integración rexional de Norteamérica. As visitas a México do secretario de Estado, Colin Powell, primeiro, e despois do presidente Bush en febreiro desataron

as especulacións. Se ollamos agora cara atrás, é evidente que tanto os procesos de toma de decisións como de deseño das diferentes políticas na Administración Bush estaban fortemente condicionados. Só un pequeno núcleo dos máis altos asesores parecían estar implicados neles, e, aínda por riba, non sempre se consultaba o Congreso estadounidense, un erro considerábel se temos en conta o celo con que tradicionalmente salvagardou o Congreso os seus privilexios no control da política e a lexislación en materia de inmigración dos EUA.

Sen embargo, os presidentes Fox e Bush anunciaron entón a creación dun comité de ministros que se encargaría de ultimar a distintos detalles das iniciativas na política conxunta de inmigración dos EUA e México, o que deu lugar a intensas reunións de ministros e oficiais dos dous países. Mais a cuestión non se fecharía até a histórica visita de Fox aos EUA a finais do verán de 2001. Segundo se informou, Castañeda, ministro de Asuntos Exteriores mexicano, pretendía acadar a “grande enchilada”, un acordo integral entre os EUA e México en materia de inmigración, aínda que hoxe continúan sen coñecerse os detalles exactos. O presidente Fox tería voltado, daquela, coas mans baleiras da súa xira triunfal polos EUA e as súas históricas declaracións ante as dúas cámaras do Congreso estadounidense a principios de setembro. Entón, o día 11, catro avións foron secuestrados e utilizados para atacar o World Trade Center e o Pentágono, e as iniciativas dos EUA e México en materia de inmigración quedaron en suspenso no tempo que lle quedou de vida á Administración Bush.

A medida até a que o Artigo 48 se foi considerada un referente importante para os debates entre os EUA e México sobre a política de inmigración parece delatar unha boa dose de inocencia e mesmo certa incompreensión do proceso de integración europea. Despois de todo, o NAFTA é un acordo de libre comercio sen demasiado compoñente político, mentres que a integración rexional de Europa, paso a paso, chegou case a transcender a cuestión nación-estado coa creación dunha rede de goberno europeo, o que finalmente se conseguiu coa sinatura e ratificación do Tratado da Unión Europea en 1993.

Con isto non pretendemos argüír que toda a poboación dentro do que hoxe é o espazo europeo estea de acordo con este proxecto federalista. De Gaulle, por suposto, opúxose, como tamén o fixo Margaret Thatcher, a primeira ministra do Reino Unido. Fican aquí pendentes, polo tanto, algunhas cuestións sobre a viabilidade a longo prazo da UE, sobre todo despois do fracaso en Francia e Holanda do referendo da Constitución Europea. Disto voltaremos a falar máis adiante.

O importante dentro do contexto das relacións EUA-México era que o NAFTA e o proceso de integración europea diferían de forma significativa (de feito, trátase de “criaturas” completamente diferentes!). Os procesos de integración rexional non son algo nin mecánico nin predeterminado para evolúiren segundo un patrón único, senón que dirixentes, e o factor humano en xeral, xogan un papel fundamental neles.

O feito de o NAFTA ter creado unha interdependencia socioeconómica en aumento constante entre os tres estados que o asinaron non presaxia necesariamente

un futuro cunha mobilidade de man de obra por Norteamérica sen restricións. A cuestión pódese resumir na pregunta: era realista a visión do presidente Fox?

Quizais é máis doado responder a esta cuestión hoxe, en 2007, que en 2001. Os contornos máis amplos que atinxiu a política de seguridade, tanto interna como externa, dos EUA na era Bush gañaron importancia, e, por suposto, a guerra contra o terrorismo deu unha nova faciana ao mandado de Bush.

Porén, apareceron algúns problemas para a realización da visión de Fox. Unha das máis importantes foi a grande diferenza socioeconómica existente entre México por unha parte e os EUA e Canadá pola outra. Debemos lembrar que nos casos da Comunidade Europea de Carbón e Aceiro primeiro, e a Comunidade Europea despois, cinco dos seis países fundadores estaban practicamente ao mesmo nivel socioeconómico, ficando atrás soamente Italia (de feito, a principal causa de que o Artigo 48 non teña entrado en vigor até 1968 foi o medo a unha excesiva emigración dende Italia aos outros países).

A diferenza dos EUA e Canadá, os estados europeos parceiros acordaron daquela investir fondos estruturais nas zonas menos favorecidas do espazo europeo. A idea era habilitar estas zonas para que puidesen competir máis eficazmente no mercado común, a través de investimentos realizados fundamentalmente en infraestruturas. Estes fondos contribuíron a estimular o crecemento socioeconómico de Italia, que en 1968 experimentaba xa unha mudanza nos seus patróns en migracións. Na década de 1970 o país converteuse nun receptor de inmigración, abandonando paulatinamente o seu papel como país de emigrantes, a pesar de que a man de obra italiana xa era unha importante beneficiaria do Artigo 48.

O que sorprende aquí é a aparente falta de apoio que Canadá e os EUA teñen dado até hoxe a unha estratexia de investimentos en infraestruturas en México, o que deriva, seguramente, da inexistencia dun proxecto político paralelo en América do Norte, en comparación coa integración rexional europea.

Esta observación non ten por obxecto insinuar que a integración rexional en Norteamérica careza dun proxecto político, pois non é o caso. Tras os atentados do 11 de setembro, Canadá, os EUA e México acordaron cooperar máis estreitamente en materia de inmigración, o que deu pé ao nacemento da Parcería para a Seguridade e a Prosperidade (SPP), que inclúe cimeiras de xefes de estado e de ministros sobre temas relativos á seguridade e a cooperación económica.

A pesar disto, non existe un obxectivo federalista expreso: a limitada cooperación entre os tres países parécese máis ben á *Union des Patries* de De Gaulle. E aínda, cómpre salientar que o ton xeral das políticas exterior e de seguridade nacional dos EUA era daquela, decididamente, unilateral e hostil cara ás organizacións internacionais, en especial contra as Nacións Unidas. As iniciativas conxuntas en materia de inmigración dos EUA e México non encaixaban ben nunha estratexia máis ampla que confrontaba os Estados Unidos coa lexitimación da súa política pública.

O pobo mexicano rematou tan desencantado coa Administración Bush como o propio pobo estadounidense. No punto máis álxido da controversia sobre unha

posible segunda resolución do Consello de Seguridade das Nacións Unidas en relación a Iraq, os delegados estadounidenses presionaron os mexicanos para que mudasen a postura oficial do seu país e se opuxesen a ela.

## **Europa aos ollos dos Estados Unidos**

---

Existe, por suposto, unha multitude de opinións sobre a Unión Europea nos Estados Unidos, aínda que cómpre resaltar que menos de 10% da poboación ten boas nocións de política exterior. O traballo dos centros educativos norteamericanos acostuma ser bastante pobre no que respecta a impartir contidos sobre o resto do mundo, incluída Europa. A UE, porén, si interesa á elite da política exterior estadounidense: a política exterior oficial dos EUA foi, dende 1945, favorábel á integración europea. De feito, a integración rexional europea non tería progresado como o fixo se non fose polo “paraugas de seguridade” que lle forneceron os EUA. Neste senso, un factor chave de cara ao futuro será se o fin da Guerra Fría e a caída da Unión Soviética condenaron a OTAN a unha lenta erosión e final desaparición ou non.

Algúns realistas como Stephen Walt ou neoconservadores como Robert Kagan formulan cuestións similares. A xa famosa teoría de Kagan é que Europa e os Estados Unidos están a alonxarse o un do outro. A UE converteuse nun “paraíso kantiano”, mentres que os Estados Unidos son un mundo hobbesiano, de Marte, dominado polos tradicionais asuntos de paz e de guerra.

A pesar das súas diferenzas, tanto Walt como Kagan son pesimistas no que respecta á Unión Europea. É unha ladaíña coñecida: que Europa gasta demasiado pouco en defensa; que as políticas comúns de seguridade e exterior da Unión non son nin críbeis nin coherentes; que as sociedades europeas están a avellentar, e a inmigración está levándoas por direccións diverxentes; que se converteron en terreo fértil para os recrutados de Al-Qaeda e os seus cómplices... Aínda máis, Europa constitúe hoxe a “terceiro fronte” da guerra contra o terrorismo, despois de Afganistán e Iraq.

Porén, esta visión distorsionada e esaxerada de Europa está a ser rebatida, e ultimamente reavivouse o interese pola historia e as relacións transatlánticas, téndose publicado nos EUA unha multitude de libros sobre a UE e Europa. Ademais, tras a invasión de Iraq e o ante o cada vez máis xeneralizado antiamericanismo o uniteralismo da Administración Bush e a mingua do poder de convicción dos EUA están a xerar moita inquietude nos Estados Unidos. A cuestión do antiamericanismo xa foi tratada nunha morea de libros, sobre todo en Europa.

A sociedade estadounidense adoita malinterpretar o que acontece en Europa. Os disturbios en Francia en outubro e novembro de 2005 foron considerados pola observación norteamericana como unha proba do fracaso das políticas de integración positiva do país e deron pé a comentarios fachendosos nos EUA sobre a especial habilidade do país para integrar inmigrantes á sociedade.

Cando se trata de avogar pola incorporación de Turquía á UE, o goberno estadounidense dá mostra dos seus peores modos. E, porén, como cren vostedes que reaccionarían os Estados Unidos ante unha proposta para a ampliación da NAFTA a Guatemala e outros países? É certo que intereses importantes en materia de seguridade, tanto europeos como estadounidenses, están en xogo no Oriente Medio, mais isto non detivo a Administración Bush á hora de iniciar a invasión de Iraq, o que, tal e como a “vella Europa” predecira, rematou sendo unha catástrofe.

As burlas contra a “vella Europa” do secretario de defensa Donald Rumsfeld xunto coa reivindicación que fixo dunha “nova Europa” parecen indicar que o goberno estadounidense aínda non chegou máis alá do xogo de “divide e vencerás” cos seus aliados europeos. Ademais, boa parte da poboación norteamericana síntese incómoda coa Política Común Exterior e de Seguridade (PESC) europea. Por unha parte, quéixanse da insuficiencia dos gastos militares en Europa e a ineficacia e incoherencias no pouco que se inviste. Kagan é especialmente crítico coas crecentes diferenzas entre a capacidade militar dos Estados Unidos e a Unión Europea, mais sen cuestionar se as grandes cantidades invertidas no gasto militar son cartos públicos ben gastados ou non.

Pola outra banda, algúns cargos do goberno, como Rumsfeld, desconfiaban da PESC, en especial da creación dunhas forzas de seguridade europeas independentes dentro da OTAN. O xogo “a dúas bandas” de algunhas tropas da OTAN podería estar a presaxiar un aumento da autonomía da UE dentro da Alianza. Neste senso, existen sentimentos encontrados con respecto ás intencións de Francia.

Só co tempo é que poderemos saber se o eclipse da Unión Soviética foi culpábel da desintegración da OTAN. O goberno estadounidense deu un grande apoio á ampliación da OTAN cara ao Este, así como ás sucesivas ampliacións da UE (de feito, mesmo avoga por unha maior ampliación alén, incluso, do ingreso de Turquía).

Algúns dos observadores norteamericanos especializados en temas relacionados coa UE opinan que esta está en crise dende os resultados en Francia e Holanda do referendo. A oposición ao ingreso de Turquía tivo o seu peso nos resultados do referendo, aínda a pesar de esta cuestión non se atopar directamente vencellada con el.

Con todo, as valoracións oficiais da intelixencia estadounidense respecto ao futuro de Europa, e mesmo as emitidas polo Consello Nacional de Intelixencia, continúan a ser bastante optimistas sobre o futuro da UE. Ninguén a este lado do Atlántico sabe se lle concederán o pleno acceso á Unión a Turquía, ou se a UE chegará a atinxir algún día a *finalité politique* constitucional visionada nas consultas aos partidos de Valéry Giscard d’Estaing. E, do outro lado, tampouco o saben.

No medio das conxunturas en que se encontran a UE e os EUA hoxe, constitúe un imperativo recordar o pasado recente. Lembran o malestar que reinou, durante tanto tempo, en torno ao avance da integración rexional na década de 1970? Despois virían a Acta Única e o Tratado de Maastricht. Nin a

esquiva *finalité politique* nin a demora na resolución dalgúns asuntos relacionados coa ampliación deberían ensombrecer os enormes avances que se fixeron na integración rexional europea dende a escura década dos setenta. As eleccións á presidencia dos EUA en 2008 darán como resultado, probablemente, unha presidencia demócrata que traballará para emendar o dano feito ás relacións transatlánticas durante o mandado de Bush. Facendo retrospectiva, os estragos causados nas relacións transatlánticas estiveron presaxiados polas iniciativas de México e os EUA en materia de inmigración, que non reflectían senón unha análise incorrecta da cuestión na UE.

### **Un desafío chave: Perspectivas sobre a cooperación transatlántica no OMNA**

---

A abraiante ineptitude e ruindade das políticas de seguridade exterior e interna postas en práctica durante o mandado de George W. Bush non repercutiu nos fundamentos das relacións transatlánticas. O comercio transatlántico e a interdependencia socioeconómica, a mutua pertenza nunha longa lista de organizacións multilaterais e séculos de historia en común, fixeron do binomio EUA-UE o núcleo da orde transatlántica. Hai quen gusta de chamarlle a isto a *Transatlantia*, hai quen lle chama *Imperio*.

Esta orde da *Transatlantia* está destinada a perdurar. Algúns teóricos como o sociólogo británico Martin Shaw considéranla unha fonte de ben para a concienciación e a comunión de todo o planeta e a defensa dos dereitos humanos. Porén, as ameazas e barreiras a un goberno eficaz da rexión transatlántica son moitos.

O principal obxectivo xeoestratéxico desta primeira metade do século XXI é a consecución e a aplicación conxunta dunha estratexia para a rexión do Oriente Medio e o Norte de África (OMNA). Até agora, os resultados da cooperación entre os EUA e a UE a este respecto non foron moi esperanzadores.

Parte do problema reside no apoio incondicional dos EUA a Israel e a súa política ilegal de asentamentos na Cisjordania: en canto Bush era o primeiro en reclamar a creación dun estado nacional palestino, tras o 11-S converteuse nun fiel aliado de Sharon na particular versión deste da guerra ao terrorismo. Este apoio serviu a Israel para eludir a presión do Cuarteto (formado pola Unión Europea, as Nacións Unidas, Rusia e os propios Estados Unidos), que procuraba unha solución ao conflito palestino-israelí baseada na coexistencia de dous estados, mentres Israel se acercaba a eliminar toda posibilidade de creación dun estado palestino viable ao avanzar coa súa política de asentamentos.

A pesar das opinións neoconservadoras que argumentan que o conflito árabe-israelí non resulta relevante para a problemática da OMNA, é preciso que os EUA continúen a apoiar a consecución dun estado palestino, e tamén que continúen fornecendo de axuda económica á cercada autoridade palestina. Tal vez a próxima persoa que ocupe a presidencia estadounidense, que será, probablemente, demócra-

ta, amose unha maior comprensión dos complexos aspectos do conflito árabe-israelí e da importancia que a cuestión ten dentro dos problemas rexionais do OMNA.

Non entanto, a UE e os EUA precisan involucrar de forma máis construtiva o resto de membros da OMNA. A Asociación Europa-Mediterráneo da UE e os acordos de parcería con estados da ribeira Mediterránea teñen buscado a cooperación na regulación da inmigración a cambio de diversas axudas e libre comercio. No binomio España-Marrocos, por exemplo, os asuntos de inmigración teñen tido sempre unha especial relevancia.

A sinatura de España do Tratado de Schengen obrigou o país pola primeira vez a pedir visado á poboación marroquí para circular por España. Isto fixo multiplicarse o número de padeiras, os pequenos barcos que levan os inmigrantes a través das augas entre España e Marrocos (incluídas, por suposto, aquelas que bañan as Canarias).

En ocasións, os resultados dos acordos de parcería da Unión Europea foron similares aos resultados do NAFTA en Norteamérica. Supoñíase que a sinatura do NAFTA contribuiría a reducir a inmigración ilegal de México aos EUA, pero dende 1993 esta non fixo máis que aumentar. Canto durará este incremento constante dependerá do resultado dos esforzos que se están a facer para reformar as leis e políticas en materia de inmigración e dos efectos da transición demográfica mexicana. Hoxe en día, as mulleres mexicanas teñen unha media de 2,2 fillos, e a esperanza de vida no país aumentou a 75 anos. Isto fai que en México xa comezase o envellecemento da poboación, que no futuro só producirá 500.000 persoas para a man de obra, comparadas co millón anual na década de 1990. Segundo Shannon O'Neil, do Consello de Relacións Exteriores de Nova Iorque, durante a próxima década o país producirá cinco millóns de persoas traballadoras menos que na década previa.

O boicot á recente cimeira do Proceso de Barcelona deixou de manifesto as reservas do mundo árabe ao proceso de diálogo do Euro-Med. Os estados parceiros da UE na alianza consideran que existe un desequilibrio na cooperación entre os membros, pois as estratexias de control da inmigración se antepoñen a outras prioridades. Sen embargo, estados chave como Marrocos tamén están a pasar por unha transición demográfica (aínda que máis suave que a de México) e, ao mesmo tempo, por unha transición nas migracións, o que fai que se estean a converter tamén en países receptores de inmigrantes con todos os dereitos que derivan disto. Isto ficou patente ao faceren públicas as autoridades marroquinas as estatísticas sobre detencións de inmigrantes ilegais residentes no seu país.

Os Estados Unidos e a Unión Europea enfróntanse conxuntamente ao dilema de precisaren ambos da cooperación dos gobernos do mundo árabe, moitos dos cales teñen un marcado carácter autoritario, para combater o terrorismo, e, ao mesmo tempo, impulsar a súa democratización. Isto require unha estreita cooperación transatlántica, para tentar atopar un equilibrio entre as dúas cuestións.

Ademais destes, existen outros puntos críticos para o OMNA. No Líbano aínda existe o risco dun novo conflito. O traballo de Francia e os Estados Unidos no

Consello de Seguridade das Nacións Unidas por forzar a retirada das tropas sirias do Líbano tras o asasinato o primeiro ministro Rafik Hariri, xunto co de xornalistas e políticos libaneses, conseguiu finalmente a súa evacuación. Mais Hezbollah opúxose ao establecemento dun tribunal para vulgar as persoas sospeitosas de perpetrar os asasinatos. A guerra entre Hezbollah e Israel no verán de 2006, que tivo como resultado a destrución masiva de infraestruturas no Líbano, máis dun milleiro de mortes, e o desprazamento forzado de centos de miles de habitantes do Líbano agravou aínda máis a xa tensa situación. O alto grao de implicación coa que a UE respondeu ao conflito poríase de manifesto ao participaren os estados membros na FPNUL, a forza provisional das Nacións Unidas no Líbano.

Para alén disto, está a terríbel situación en Iraq, onde, tal e como predeciran os líderes musulmáns antes da invasión promovida polos EUA en 2003 se abriron as “portas do inferno”. Ademais do enorme custo en vidas humanas, e persoas feridas e desprazadas dentro do país, máis de dous millóns de iraquianos procuraron asilo nas veciñas Xordania e Siria. Cantas delas rematarán en Europa?

A estratexia da UE para estabilizar a súa periferia musulmá foi interrompida de forma perigosa pola agresiva política levada a cabo polos EUA e Israel. A credibilidade da PESC non se viu precisamente favorecida pola infortunada decisión dos numerosos estados membros da UE de apoiar a invasión aliada de Iraq. De cara ao futuro, a cuestión de se o desatino dos estados membros da UE á hora de invadir Iraq eliminou para sempre as posibilidades de acadar unha PESC (o que dotaría a UE dunha influencia autónoma nos asuntos internacionais) será fundamental. A seguinte sería: debería ser unipolar ou multipolar o mundo do futuro? Visto dende os Estados Unidos, Europa parece indecisa, ou sen consenso, sobre a resposta, mais así é que se atopan tamén os EUA.

Por suposto, os problemas en Iraq afectan directamente intereses fundamentais para a República de Turquía. Se a independencia da que disfruta a parte do pobo kurdo asentada no norte de Iraq chegase a evoluir até un estado de semi-independencia, o exército turco podería verse incitado a intervir. O rexurdimento dos ataques da guerrilla kurda asentada no norte de Iraq contra tropas turcas en Turquía, ou ataques similares levados a cabo por guerrillas kurdas de Iraq contra tropas iranianas en Irán tamén dende territorio iraquiano, poden facer precipitarse o tan temido contaxio dos conflitos de Iraq a outras rexións.

Zbigniew Brzezinski, antigo asesor do Consello Nacional de Seguridade, compara no seu libro máis recente o OMNA do século XXI cos Balcáns de principios do XX. Neste libro, Brzezinski recrimina aos últimos presidentes dos EUA as deficiencias nas súas políticas exteriores, e advirte que estes conflitos de tan difícil resolución coexistentes no OMNA poden absorber as potencias limítrofes nunha voráxine de violencia catastrófica de xeito similar a cando o conflito dos Balcáns destruíu a orde europea en 1914.

O resurxir das tensións entre o pobo kurdo e Turquía complica, igualmente, o ingreso de esta na UE. Con todo, Turquía deu pasos significativos para harmonizar

as súas políticas en materia de inmigración e refuxiados coas dos estados membros da UE. Este proceso obrigou as autoridades turcas a afrontar a cuestión dos millóns de persoas refuxiadas e emigrantes procedentes de países veciños, cuxa presenza era tolerada no pasado. Con isto púxose de manifesto que tamén Turquía está a experimentar unha transición migratoria e comeza a converterse nunha terra receptora de inmigrantes, ademais de continuar a ser unha importante fonte de emigración.

Tirou realmente Europa conclusións útiles da súa propia historia? Con respecto á relación emigración/inmigración e á ampliación dos territorios que engloba a integración rexional europea, a resposta parece ser que non. A mediados da década de 1980, despois do ingreso de España e Portugal na UE, apareceu o temor (que finalmente demostraría ser infundado) a unha vaga de emigración dende a Península Ibérica aos países que constituían o núcleo da Unión. Esta vaga, porén, nunca chegaría a ter lugar, en parte debido ao período de transición que se produciu antes de que o Artigo 48 entrase en vigor para a poboación española e portuguesa. Mais, como asinala Rey Koslowski, tivo máis peso o feito de que a mobilidade de capitais neutralizase a mobilidade de man de obra. As expectativas de ampliación e a entrada de fondos estruturais estimulou o crecemento económico até tal punto que España e Portugal axiña gañaron o seu lugar entre os países receptores de inmigración.

Isto debería ser tido en conta de cara ao ingreso de Turquía na UE. Tras sendos referendos, os resultados en Francia e Holanda reflectiron un medo esaxerado á emigración masiva dende o país de serlle concedido o ingreso. Con todo, as análises provisionais dos efectos da ampliación do primeiro de marzo de 2004 suxíren que esta propiciou unha importante emigración de poboación polaca e das repúblicas bálticas cara ao Reino Unido e Irlanda. Estes dous países optaron por non impor restricións transitorias.

Polo tanto, visto do punto de vista dos EUA, prevese que a aínda máis intensa cooperación entre a UE e os EUA no ámbito do OMNA xogue un papel importante na integración rexional europea e nas relacións transatlánticas. Infelizmente, o pasado recente non ten sido demasiado esperanzador. A pesar disto, rexeitar abertamente teorías simplistas como a xa comentada feita por Kagan, que sitúa os EUA en Marte e a UE en Venus, é un imperativo, tanto para Europa como para os Estados Unidos. As teorías así destrúen as bases da intensa cooperación que se require, sobre todo, para a seguridade de ambos países.

## **Cara onde vai Europa? E Norteamérica?**

---

Nos últimos anos constatouse un renovado interese dos e das especialistas en torno ao tema do excepcionalismo norteamericano. Como xa dixera De Tocqueville tempo atrás, “os Estados Unidos e Europa son diferentes”. A herdanza do feudalismo está ausente no contexto norteamericano, polo que as visións estadounidenses sobre cuestións como as clases sociais, o estado ou a identidade difiren moito daque-

las en Europa. En contraste con Europa, nos Estados Unidos nunca se deu pé á creación dun partido socialdemócrata maioritario. A cultura política é moito máis hostil á intromisión do estado nos EUA do que o é en Europa, e como esta hai máis cuestións diverxentes. A día de hoxe, a ladaíña do excepcionalismo estadounidense é ben coñecida.

Nos días que seguiron aos ataques do 11-S puideron verse brotes de nacionalismo exacerbado e xenofobia, daquela cualificados de “patriotismo” por unha grande parte da poboación estadounidense. A cidadanía europea (especialmente a francesa) e a de orixe musulmán ou árabe convertéronse en obxectivos destas irracionais reaccións. Hoxe o peor parece ter quedado atrás. A medida que o pobo estadounidense ía habituándose á multitude de erros que se cometeron en Iraq, comezou a sentirse estafado por unha Administración que fixera apelo aos instintos nacionais máis básicos para gañar votos nas eleccións.

Mesmo a Administración Bush procurou achegarse no seu segundo mandato a unha Europa da que se fora afastando por causa da invasión de Iraq. Algúns progresos xa se poden advertir, por exemplo en materia de antiterrorismo. Porén, aínda quedan puntos conflictivos para alén dos relacionados co OMNA. As ofertas dos EUA a países como Polonia de protección contra un improbable ataque aéreo de Irán complicaron tanto as relacións entre a UE e a Federación Rusa como aquelas entre Europa e os EUA. Ademais, sempre estarán presentes algunhas cuestións comerciais, como os controvertidos acordos mutuos sobre o acceso a países sen visado.

A pesar disto e das consecuencias da era Bush, non parece existir outra alternativa realista que o mantemento e o aprofundamento da alianza transatlántica nacida durante a Segunda Guerra Mundial. Si, é certo que Asia se perfila como unha importante potencia, coa que tanto a Unión Europea como os Estados Unidos terán que verse cada vez máis involucrados. Non entanto, nós continuaremos sendo aliados, ou por veces competidores e mesmo rivais, mais sempre dentro dos límites que tan tristemente foron postos a proba pola desafortunada decisión dos EUA en 2003 de atacar Iraq. Afortunadamente, aquela decisión foi tomada por un pequeno grupo de extremistas ideolóxicos norteamericanos que acababan de chegar ao poder, que dende entón xa experimentaron o profundo rexeitamento da maioría das poboacións estadounidense e europea. Dende este lado do Atlántico non podemos predicir de forma exacta cal será o futuro da integración europea, pero dende aquí esperamos que a vosa comprensión por non sabermos entendervos completamente se una ao perdón por todos os erros cometidos polos EUA nos últimos tempos que poidan ter freado o progreso de integración rexional en Europa.

---

*Mark J. Miller é profesor na Delaware University (USA).*

Tradución: *Irene Romero Iturralde.*